

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00056044R.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria-urxente de data 2 de decembro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00021123V.

Licenza para a construción de vivenda familiar en LG Carballal.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 20/04/2022, cun orzamento de execución material de 186.708,89 €, a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg Carballal Santiago de Compostela (A Coruña).

3. XESTIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS. Referencia: 2021/00016577Y.

Denegar a solicitude para un novo incremento de altura de 15 cm sobre o xa anteriormente concedido no edificio situado na Rúa de Sar, 5.

Acórdase denegar a a solicitude presentada na data 10/10/2022 para un novo incremento de altura de 15 cm sobre o xa anteriormente concedido no edificio situado na Rúa de Sar, 5 Santiago de Compostela xa que polos motivos expostos , non existe xustificación para dita intervención.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032042S.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 20/11/2022, procedendo a continuación a levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031310S.

Adxudicación do contrato Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a Centros Especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público a COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto o *Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a Centros Especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público* a COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L. que oferta unha baixa do 5,00 %, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das admitidas.

Desígnase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Obras e Proxectos.

- Comprometer un gasto por importe de **150.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 040 15320 2100001 PAV. DE VÍAS PÚBLICAS. REPARAC. MANTEM. E CONSERV. INFRAESTR coa seguinte desagregación por anualidades:

2022: 62.500 euros

2023: 87.500,00 €

TOTAL: 150.000,00 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00039682S.

Adxudicación do contrato Servizo de mantemento e apoio para a administración, configuración e explotación de todos os módulos da solución de administración electrónica subministrada por T-SYSTEMS IBERIA SAU.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto o *Servizo de mantemento e apoio para a administración, configuración e explotación de todos os módulos da solución de administración electrónica* á empresa T-SYSTEMS IBERIA SAU por un importe total de **114.708,00 €** (Base imponible de 94.800,00 € máis IVE do 21% polo importe de 19.908,00 €), por cumprir a súa oferta cos requisitos exixidos no PCAP.

Desígnase como responsable do contrato ao xefe do Servizo de Informática.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de **114.708,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2279900.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019919J.

Adxudicación do contrato “Subministración dunha aplicación informática para a xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto as *Subministración dunha aplicación informática para a xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento* á empresa CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L. por un importe total de **22.264,00 €** (base imponible de 18.400,00 € máis IVE do 21% de 3.864,00 €), por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo comprométese a:

- Poner en marcha a instalación en 7 días.
- Complementar a aplicación con 2 tablets adicionais (Tableta Samsung Active2 IP68 ou análoga) de como mínimo 8 polgadas e IP65. Estas tablets poderán recibir información desde a central e permitirán a utilización da aplicación fóra das instalacións do Parque.
- Realización dunha terceira rolda de formación de refresco de 3 horas por quenda.

Desígnase como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Extinción de Incendios.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de **22.264,00 €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e coa desagregación que se indica:

ANO 2022

- Aplicación orzamentaria: 060 13600 2090000 – 3.395,95 €

- Aplicación orzamentaria: 060 13600 6260000 (Código de Proxecto: 2019 3 UNESP 19 1) – 361,21€

ANO 2023

- Aplicación orzamentaria: 060 13600 2090000 – 9.253,42 €

ANO 2024

- Aplicación orzamentaria: 060 13600 2090000 – 9.253,42 €

Segundo o disposto no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo) e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/1990, do 20 de abril, os créditos de exercicios futuros quedan condicionados á súa inclusión nos respectivos orzamentos.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043818B.

Aprobación do expediente denominado Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" e apertura do procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente denominado Obras de execución do proxecto de "Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" e abrir o procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, establecendose un tipo de licitación de **150.000,00 €** (Base impositiva de 123.966,94 € máis IVE do 21% polo importe de 26.033,06 €).

Segundo. Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 17100 6090000 con código de proxecto 2022 2 PPROV 35 1 INVESTIMENTOS PROGRAMA DA DEPUTACION).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00052182A.

Aprobación do expediente denominado obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa da Medorra" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña", apertura do procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria e aprobación do correspondente gasto.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente denominado obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa da Medorra" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" e abrir o procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, establecendose un tipo de licitación de **173.324,84 €** (Base impositiva de 143.243,67 € máis IVE do 21% polo importe de 30.081,17 €).

Segundo. Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 con código de proxecto 2022 2 PPROV 35 4 INVESTIMENTOS PROGRAMA DA DEPUTACION).

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00000866Q.

Liquidación do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arborado urbano, suscrito con data 13/05/2014 coa empresa CESPA COMPAÑÍA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES SA, agora denominada PREZERO ESPAÑAS, SAU. (acordo Xunta de Goberno 04/04/2022).

Acórdase:

Primeiro.- Acordar a liquidación do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arborado urbano, suscrito con data 13/05/2014 coa empresa CESPA COMPAÑÍA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES SA, agora denominada PREZERO ESPAÑA, SAU (acordo Xunta de Goberno 04/04/2022), resultando un saldo favorable á empresa contratista de 35.253,74 euros máis IVE, que corresponde á revisión de prezos do período 13.05.2019 a 12.05.2020.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 42.657,03 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279901.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa PREZERO ESPAÑA, SAU, e aos servizos económicos (Intervención municipal e oficina Orzamentaria).

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033167J.

Autorización do prazo de execución das obras definidas no proxecto denominado "Rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" (Acondicionamento Interior)".

Autorízase a ampliación do prazo de execución das obras definidas no proxecto denominado "Rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" (Acondicionamento Interior)" en 30 días hábiles. Esta ampliación autorízase sen prexuízo da posible imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042637F.

Devolución a ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR SL, adxudicataria do contrato "Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria", do importe ingresado en concepto de fianza definitiva por duplicado en datas distintas.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o dereito á devolución a ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR SL, adxudicataria do contrato "Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria", do seguinte importe que foi ingresado en concepto de fianza definitiva por duplicado en datas distintas.

Importe: 8.691,90 euros.- Carta de Pago da Tesourería Municipal de data: 07/03/2022.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR SL, á Intervención Municipal e a Tesourería Municipal.

13. DEPORTES. Referencia: 3519 – Fras. marzo-outubro.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2022/5326 e F/2022/5327 (relación contable S/2022/397) emitidas pola mercantil AGRONERGA S.L., con en concepto de servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiónela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao período entre marzo e outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiónela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao período entre marzo e outubro de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de ONCE MIL NOVECIENTOS TRINTA E CATRO CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (11.934,58 euros) considerando a suma das facturas F/2022/5326 e F/2022/5327 (relación contable S/2022/397) a favor da empresa AGRONERGA S.L., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/389.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas por "Neumáticos Pájaro, SL." en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período de setembro e outubro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de de MIL CENTO TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.131,64 €), segundo relación contable de facturas S/2022/389 que se achega na factura, e que comeza pola factura número F/2022/5098 por importe de 525,01 euros e remata pola número F/2022/5464 por importe de 606,63 euros, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/379.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (7) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período entre abril e outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (2.574,53 €), segundo relación contable de facturas S/2022/379 que comeza pola factura número F/2022/5291 por importe de 75,81 euros emitida pola empresa Orona S. Coop. e remata pola número F/2022/5912 por importe de 308,08 euros emitida pola empresa Ascensores Enor, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/383.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais entre os meses de xullo e novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (2.331,18 €), segundo relación contable de facturas S/2022/383 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/5456 por importe de 2.243,65 euros, e remata pola factura número F/2022/5781 por importe de 51,12 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/403.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre o mes de agosto e de novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CATROCIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (4.448,45 €), segundo relación contable de facturas S/2022/403 que se achega no expediente, e

que comeza pola factura número F/2022/5425 por un importe de 42,57 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada Gas & Power, S.A. e remata pola factura número F/2022/6278 por un importe de 1.907,48 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/5224.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por “ISS Facility Services, S.A.” en concepto de servizo limpeza ordinaria dos edificios e dependencias municipais correspondentes ao mes de outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (84.892,98 €), segundo factura F/2022/5224 que se achega no expediente, en concepto do servizo de limpeza ordinario dos edificios e dependencias municipais correspondente ao mes de outubro de 2022, emitidas pola empresa “ISS FACILITY SERVICES, S.A.”

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/393.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da facturas (5) emitidas por “Recambios Santiagueses, S.L.” con CIF núm. B15214349 en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período entre os meses de xullo e outubro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E SETE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (7.947,48 €), segundo relación contable de facturas S/2022/393 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/5175 por importe de 16,99 euros e remata pola factura número F/2022/5594 por importe de 1.501,20 euros, emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/378.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (7) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre o mes de decembro de 2021 e o mes de novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETE MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (7.372,29 €), segundo relación contable de facturas S/2022/378 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/720 por un importe de 2.058,90 euros emitida pola empresa Gas

Natural Comercializadora, S.A. e remata pola factura número F/2022/5805 por un importe de 1.995,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00049017N.

Convalidación omisión interventora F/2022/5047 mes marzo Ferrovial servicios energéticos.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados dos servizos de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado ornamentais dos monumentos do concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de Marzo de 2022.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 77.288,46 euros, correspondentes á factura F/2022/5047, por importe de 77.288,46 euros, expedida por FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS SL correspondente ao mes de marzo de 2022.

3. Importe total da prestación realizada: 77.288,46 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 020 16500 2270900.

22. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/94/2020 - CON/75/2020.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución das obras de reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trinidad e no parque da Alameda, en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trinidad e no parque da Alameda, en Santiago de Compostela, emitida por OBRAS GALLAECIA, S.L por importe de 9.314,06 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

23. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00050756A.

Aprobación das obrigas derivadas do veredicto do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Acórdase:

1. Aprobar o recoñecemento da obrigas derivadas do veredicto do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica que convoca o Concello de Santiago coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega, que ten os seguintes premios e beneficiarios/as:

PRIMEIRO PREMIO ao traballo “BOIHAUS: un proxecto de bioarquitectura para ensino secundario”, presentado polo IES A Cachada (Boiro). Importe do premio: **1.200,00 euros**.

SEGUNDO PREMIO ao traballo “Mulleres de Compostela: tras os pasos das nosas pioneiras”, presentado por Coordinación de Igualdade do IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Importe do premio: **900,00 euros**.

TERCEIRO PREMIO ao traballo “Xogamos? Unha porta á imaxinación”, presentado por María Isabel González Piñeiro (IES Afonso X O Sabio, A Coruña). Importe do premio: **600,00 euros**.

2. Imputar os gastos derivados desta convocatoria á partida económica 080.32600.4890100 dos orzamentos do 2022.

3. O premio estará suxeito á retención fiscal que corresponda de acordo coa normativa de aplicación.

24. MOCIDADE. Referencia: 2022/00055765K.

Aprobación do programa de residencias do Centro Xove de Creación Cultural.

Apróbase o Programa de Residencias do Centro Xove de Creación Cultural, cuxo obxectivo

principal é ofertar un espazo para dar cabida a novos creadores no que poidan crear e dar forma a proxectos no ámbito das artes (teatro, danza, música, etc) a través dun sistema de residencias temporais nas que se acollan iniciativas de creadores mozos (idades de 14 a 35 anos).

As residencias terán unha duración máxima dun mes.

A cantidade de horas de cada residencia será unha duración mínima de catro horas semanais, e un máximo de vinte.

Poderán presentar solicitudes para realizar unha residencia no Centro Xove de Creación Cultural, aqueles mozos e mozas empadroados, residentes ou estudantes no Concello de Santiago de Compostela, así como entidades ou colectivos mozos, que precisen dun espazo para realizar as súas creacións artísticas.

As solicitudes faranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Xuventude ou na sede electrónica do Concello, e presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4 ou a través da sede electrónica do concello (sede.santiagodecompostela.gal).

A solicitude deberá ir acompañada da fotocopia do DNI da persoa solicitante e dun dossier explicativo do proxecto para o que se solicita o uso do espazo.

Cada proposta de residencia deberá presentar un rider técnico propio, desagregando as súas necesidades técnicas polo miúdo, seguindo as indicacións do equipo do Centro Xove.

Os solicitantes da residencia poderán ser:

- Persoas individuais con idades comprendidas entre 14 e 35 anos.
- Persoas individuais sempre que as persoas destinatarias das súas actividades sexan mozos ou mozas entre 14 e 35 anos.
- Asociacións xuvenís ou entidades prestadoras de servizos á mocidade.
- Grupos de mozos e mozas de entre 14 e 35 anos

Estas bases teñen como obxecto ofertar un espazo para dar cabida a novos creadores no que poidan crear e dar forma a proxectos no ámbito das artes (teatro, danza, música, etc) a través dun sistema de residencias temporais nas que se acollan iniciativas de creadores mozos.

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela pon a disposición dos mozos e mozas da cidade un espazo do equipamento municipal situado na Rúa Proxecto Vagalume, 2, O Centro Xove de Creación Cultural, cos obxectivos de:

- Dinamizar e fomentar a creación cultural nas persoas mozas.
- Contribuír ao establecemento de redes participativas, colaborativas e creativas.
- Ofrecer ás persoas creadoras un espazo acoledor e multidisciplinar no que realizar as súas actividades, ensaios, etc.
- Compartir experiencias con artistas residentes nos locais municipais de ensaio, e na xeneralidade do Centro Xove de Creación Cultural.

O horario destinado ás residencias é de 10:00 h a 14:00 h

25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00046894M.

Tratamento como residuos de tres vehículos, debido á súa obsolescencia e deterioro, e autorización da súa xestión á empresa operadora do transporte público Autocares Rías Baixas S.L.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Autorizar a xestión dos vehículos con matrícula C2037AW, 9954DGB e 9773DFZ, que se atopan en desuso pola súa obsolescencia ou por as avarías que presentan, á empresa Autocares Rías Baixas S.L.

SEGUNDO.- Autorizar a Autocares Rías Baixas S.L a entrega dos vehículos sinalados no punto primeiro á empresa Hierros Cachulo S.L, por atoparse a súa oferta en prezo de mercado, segundo o exposto no informe do Director- Xerente de TUSSA, coas seguintes condicións:

- Informar a data na que inicien os traballos, así coma das toneladas que finalmente foron tratadas e por tanto o importe resultante da mesma, que deberá recollese nos ingresos totais do presente exercicio.
- Cumprir coa normativa vixente relativa ao asunto de referencia.

- Deberase ter en conta que polo concepto da venda farase constar expresamente que se trata dunha operación con inversión do suxeito pasivo conforme ao establecido no Art. 84. Uno 2ºC da lei 37/1992 de decembro do imposto sobre o valor engadido.

- Finalmente deberá aportar documento onde se reflectan os elementos tratados coma RSU para a actualización do inventario do servizo.

26. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00015637M.

Aprobar a xustificación de subvencións presentadas polas distintas entidades beneficiarias e o recoñecemento das obrigacións derivadas de dita xustificación en referencia a convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra a violencia de xénero, para o ano 2022.

Acórdase aprobar a xustificación de 13 das solicitudes por un importe total de **26.154,33 €** nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Aprobar na súa TOTALIDADE o recoñecemento das seguintes obrigacións derivadas das xustificacións de subvencións presentadas polas distintas entidades beneficiarias, así como o seu pagamento polos importes concedidos de subvención que se relacionan de seguido, tendo en conta que todas elas compren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que acreditan suficientemente a realización do seu obxecto e que foron destinadas ás finalidades para as que foron concedidas:

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Importe subvención concedida	Importe subvención xustificada (Importe Recoñecemento da obriga)
1	ASOCIACIÓN PARA PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL (AGRA)	"XOGANDO SOMOS IGUAIS"	2.500,00 €	2.500,00 €
2	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS (FADEMUR)	"TEMPO DA IGUALDADE"	2.500,00 €	2.500,00 €
3	ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO	"ACAROAR"	2.500,00 €	2.500,00 €
4	SINDICATO LABREGO GALEGO	"LABREGAS E ESPAZOS DE VENDA"	2.500,00 €	2.500,00 €
5	ASOC. DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA (AEIGA)	"PROGRAMA IX MULLER EN IGUALDADE"	1.500,00 €	1.500,00 €

6	ASOCIACIÓN CENTINELAS	"XUNTAS CARA A IGUALDADE"	2.500,00 €	2.500,00 €
7	FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA	MULLER TEA: PROXECTO DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DO APOIO NAS SÚAS NECESIDADES".	1.440,76 €	1.440,76 €

Total: 15.440,76 €

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento das obrigacións de forma PARCIAL derivadas das xustificacións parciais das subvencións presentadas polas entidades beneficiarias que se relacionan deseguido, así como o seu pagamento polos importes xustificados que se relacionan, tendo en conta que todas elas compren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que acreditan suficientemente a realización do seu obxecto e que foron destinadas ás finalidades para as que foron concedidas.

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Importe subvención concedida	Importe subvención xustificada (Importe recoñecemento da obriga)
1	ARELAS. ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS	"DIVA: PROGRAMA DE FOORMCIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN ÁS PERSOAS LGTBIQA+E FAMILIAS"	2.500,00 €	2.275,00 €
2	ASOCIACIÓN ARRIANAS	"MULLERES NA RAIA"	2.500,00 €	1.878,66 €
3	ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	"PROXECTO RECRÉATE (4º Edic)"	953,22 €	714,21 €
4	HOCKEY CLUB RAXOI	V XORNADAS DE TECNIFICACIÓN E EMPODERAMENTO EN HOCKEY SOBRE PATÍNS FEMININO	2.500,00 €	2.122,39 €
5	ASOCIACIÓN DE EMPREGADAS DO FOGAR. XIARA.	"ACHÉGATE A NÓS"	1.500,00 €	1.498,55 €
6	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	"TECENDO FÍOS DE CORES"	2.500,00 €	2.224,76 €

TOTAL: 10.713,57 €

TERCEIRO.- DENEGAR a seguinte unha das solicitudes presentadas, por manifestar a súa RENUNCIA expresa a subvención concedida e non acreditar a realización do seu obxecto/pago ou finalidade para a que foi concedida.

Importe total da convocatoria polo que se propón o recoñecemento da obriga e pagamento:
15.440,76 € + 10.713,57 € = **26.154,33 €**

27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019405R.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 20 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela (APSSC) ano 2022.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 20 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela ano 2022, pola contía de cinco mil trescentos quince euros con tres céntimos de euro (**5.315,03 €**), sendo a subvención de dez mil euros (10.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800008/2022 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018888J.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de Xullo 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dez mil euros (10.000 euros) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800019 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018280A.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con enfermidades de larga duración, crónicas o terminales” para o ano 2022.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a “Fundación Andrea de Apoyo a los niños con enfermidades de larga duración, crónicas o terminales” para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800018 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

30. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00025967P.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Agosto de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Agosto de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil novecientos setenta e tres euros con oitenta e nove céntimos de euro (9.973,89 €), sendo a subvención de dez mil euros (10.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800023 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

31. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00016959Q.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mi euros (60.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800013 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

32. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018669R.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela (SARELA) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela (SARELA) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800005 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

33. COMERCIO. Referencia: 2022/00044928V.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a realización da exposición “O Esplendor do Camiño, oito séculos de pratería e acibeche en Compostela”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a realización da exposición “O Esplendor do Camiño, oito séculos de pratería e acibeche en Compostela”, e en consecuencia a xustificación da subvención a por importe de 20.200 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela por importe de 20.200 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

34. COMERCIO. Referencia: 2022/00045592Z.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022, e en consecuencia a xustificación da subvención concedida á Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 3100 4890003.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00055434N.

Dación de conta de sentenza recaída no PO 64/2022 CA2.

Dase conta da resolución: Sentenza nº 206/2022, do 29.07.2022, do Xulgado Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 64/2022

Demandante: ORFAS DEL VAL, S.L.

Obxecto do recurso:

- Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 21.12.2021, polo que se denega a solicitude de licenza de obras de reforma da vivenda sita na rúa das Orfas 15, 2º.

- Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 21.12.2021, polo que se denega a solicitude de licenza de obras de reforma da vivenda sita na rúa das Orfas 15, 3º.

Considera a sentenza, en aplicación da doutrina sentada pola STSX de Galicia 169/2022 do 8.04.2022, que ao se tratar de licenzas solicitadas para reformar vivendas situadas no ámbito do PE-1 da Cidade Histórica e destinalas para o uso turístico, a denegación é conforme a dereito.

Segundo o argumentado na sentenza, tanto consonte á normativa vixente no momento da solicitude de licenza (artigo 150.4 do PE-1), como consonte a normativa anterior, a vivenda de uso turístico só estaría permitida cando o edificio se destinara de xeito exclusivo á dita actividade.

A sentenza, susceptible de recurso de apelación, deveu firme ao non terse recorrida pola parte demandante, declarándose a dita firmeza mediante dilixencia de ordenación de data 23.11.2022. Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remitir ao Departamento de Licenzas (Dirección de Área de Urbanismo) para os efectos oportunos

36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00055903K.

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 195/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.

Dase conta da sentenza nº 261/2022. PA 195/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na rúa. Contía: 8.000 euros

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante, transportista, reclamaba indemnización polo lucro cesante sufrido como consecuencia da paralización da súa actividade empresarial (transportista autónomo), derivada das lesións por unha caída no parque empresarial da Sionlla, polo mal estado da beirarrúa.

A cantidade reclamada, segundo a demanda, era unha "media mensual ponderada" das facturas rexistradas no período equivalente anterior ao accidente.

O xulgado resolveu o seguinte: "de la prueba practicada, el expediente administrativo y las testificales, se concluye que no es posible atribuir a la administración una responsabilidad por las lesiones del actor". O xulgado, ademais, reproduce as imprecisións denunciadas polo Concello.

Polo que respecta á cantidade de 8.000 euros non está detallada nin xustificada, impedindo ao Concello a súa refutación.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00034851Z.

Dar conta do Auto recaído no Procedemento Ordinario 273/2022 CA2.

Dase conta da resolución: Auto nº 128/2022, do 30.11.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 273/2022

Demandante: XUNTA DE GALICIA

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición presentado contra a liquidación do IBI rústica do ano 2021 respecto do “HOSPITAL PROVINCIAL SANTIAGO CASA CUNA”

O Auto decreta a finalización e arquivo do procedemento por satisfacción extraprocesual, toda vez que, mediante Resolución da Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 25.10.2022 estimouse o recurso de reposición da Xunta.

A resolución municipal manifesta que, por erro na base censual do Concello, a titularidade do inmovible foi atribuída á Xunta de Galicia.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir ao Departamento de Tesourería (Sección de Catastro) para os efectos oportunos.

38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00055473M.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 334/2021 CA2.

Dase conta da Sentenza nº 246/2022. PA 334/2021 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía 11.803,93 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A interesada recorre a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados a consecuencia dunha caída xunto á Igrexa de Guadalupe.

Na vía administrativa, a interesada tiña fixado a contía reclamada en 11.803,93 euros, sen xustificación nin detalle. Na vía xudicial solicitou informe ao IMELGA, que xustificou a suspensión da vista. Sen embargo, o informe só certifica a compatibilidade dos danos coa caída.

En calquera caso, a sentenza desestima o recurso ao non acreditarse pola interesada a relación de causalidade. Ningunha das partes nega a caída nin as súas consecuencias, pero o xulgado conclúe que *“non é posible determinar cal é o concreto lugar onde se produzo a caída”* (na reclamación falaba de adoquíns, pero na demanda dunha baldosa solta), e tampouco *“apreciase elemento algún estraño que teña podido ser causa da caída”*.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Secretaría para o seu coñecemento.

39. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00052742B.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 471/2020 CA1.

Dase conta da resolución: Sentenza 393/2022, do 9.11.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 471/2020

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial de data 6.05.2019 por importe de 5.125,91 euros, como consecuencia dos danos sufridos como consecuencia do tropezo nunha fochanca e caída no aparcadoiro de San Clemente.

A resolución é FAVORABLE aos intereses municipais, ao estimar só parcialmente a reclamación interposta con base nas alegacións feitas no acto da vista e documentos presentados.

a sentenza fixa a indemnización na contía de 1.004,45 euros, sen condena nas custas procesuais.

A sentenza é firme, ao non ser susceptible de recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Vicesecretaría/Secretaría do Goberno Local, para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00016642W.

Dación de sentenza recaída no procedemento PO 7072/2021 TSX.

Dase conta da sentenza nº 330/2022. PO 7072/2021 TSX SECCION 3ª

Demandante: ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF – ALTA VELOCIDAD

Demandados: Xurado de Expropiación de Galicia e Concello de Santiago de Compostela.

Obxecto: xusto prezo da parcela expropiada para a construción da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

Contía: 5.724.843 euros, pola diferenza entre o fixado polo Xurado e o valorado pola demandante, máis xuros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A recorrente reclamaba, en primeiro lugar, que xunto coa parcela expropiada había outras dúas que o proxecto expropiatorio asignaba ao Concello, pero que aquela consideraba da súa propiedade. Deste xeito, a superficie valorada, de 11.849 m², pasaría a ser de 12.574 m².

En canto ao obxecto principal, eses 11.849 m² foron valorados polo Concello, como solo en situación básica de rural, en 52.378,50 euros; cantidade que o Xurado, coa mesma situación básica, elevou a 236.176,05 euros. Pola contra, a demandante consideraba que toda a parcela (12.574 m²) estaba en situación básica de urbanizado (integrado na malla urbana e cos servizos que esixe a lei do solo), polo que o seu valor sería 5.961.019,05 euros. En síntese, os seus argumentos eran:

1. Que o recinto da Estación constituía unha unidade económica de explotación destinada a uso ferroviario.

2. Que só cabía unha situación básica para toda a parcela.

3. Que o argumento formal do Xurado (parcela clasificada como solo urbano non consolidado, pendente de urbanización coa execución dun plan especial) non é válido:

a. Porque a “situación” non responde á clasificación, senón á realidade do solo.

b. Porque o plan especial non era para urbanizar –a parcela xa está urbanizada-, senón para unha reurbanización.

4. Polo que o sistema para calcular o valor da parcela expropiada non é o de capitalización aplicado polo Xurado, senón o de método residual estático, atendendo á edificabilidade media e ao uso maioritario no ámbito espacial homoxéneo dos sectores próximos.

O Concello presentou como causa de non admisión da demanda o Convenio do 2016 asinado polas partes, que obrigaba a resolver na comisión de seguimento as “controversias” que puideran xurdir na súa execución; xa que nese convenio a demandante obrigábase a entregar ao Concello o solo necesario para a construción da estación de autobuses. O TSX rexeitou esta alegación.

En canto ao fondo do asunto, o TSX estima tanto a alegación do Concello coma a do Xurado:

a. Dúas situacións de solo na mesma parcela: a Sala distingue a zona norte (a estación) da zona ao sur das vías, con vexetación na súa totalidade agás unhas edificacións en estado de ruína; e logo da Rúa Clara Campoamor, outra gran extensión de terreo con vexetación na súa totalidade (Brañas do Sar); polo que a parcela expropiada nin está integrada na malla urbana, nin conta cos servizos necesarios para considerala en situación de urbanizada.

b. O solo non ten sido urbanizado en execución do correspondente instrumento de ordenación. É dicir, que os servizos que puidera ter respondían ao seu destino ferroviario, pero non a un plan de ordenación urbana.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación.

Por Decreto do 13.12.2022 declárase a firmeza da sentenza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

41. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00056044R.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 9 ao 15 de decembro de 2022.

URXENCIAS

42. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/6444).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/6444 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de novembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de novembro de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/6444 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de novembro de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

43. DEPORTES. Referencia: 3505 – Fra. novembro.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/6329 emitida pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.), en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de novembro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de novembro do ano 2022

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 €), segundo a factura F/2022/6329 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de maio de 2022, emitida pola empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

44. DEPORTES. Referencia: 2022/00041544Z.

Transferencia ao consorcio por importe de 86.636,53 euros en execución da addenda ao convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, ratificada por acordo da Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2014.

Acórdase:

1. Convalidar o acordo de 30 de decembro de 2014 de ratificación da aprobación da addenda ao convenio de colaboración pola cal se modificada a súa cláusula quinta.

2. Aprobar o gasto por importe de 86.636,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4539000 en cumprimento da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, cláusula quinta, e o seu abono ao Consorcio da Cidade de Santiago.

45. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00050848F.

Autorizar a recepción das obras de urbanización executadas no ámbito da AEI-A do PERI-5. San Lázaro.

Autorízase a recepción das obras de urbanización executadas no ámbito da AEI-A do PERI-5, coa seguinte condición:

Unha vez rematadas as obras de edificación do polígono, comprobarase polos servizos técnicos municipais o estado final das instalacións, quedando obrigada a promotora a emendar as deficiencias que de ser o caso se detecten. No seu defecto, procederase a incautar as garantías presentadas para obter as respectivas licenzas de edificación.

46. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00046150C.

Dación de contas da Alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre a empresa Sionlla Biotech S.L. promotora do proxecto de interese municipal para o Concello de Santiago " Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) e o Concello de Santiago para o ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a a empresa Sionlla Biotech S.L. promotora do proxecto de interese municipal para o Concello de Santiago "Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) e o Concello de Santiago para o ano 2022, por importe de e 300.000 euros.

47. COMERCIO. Referencia: 2021/00050784N.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2021.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2021, e en consecuencia a xustificación da subvención a Fundación Santiago Centro Área comercial, por importe de 29.714,23 Euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022 010 43100 4890005.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Fundación Santiago Centro Área comercial por importe de 29.714,23 Euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022 010 43100 4890005.

Terceiro: Liberar o remanente de crédito disposto, e non xustificado, a favor de Fundación Santiago Centro Área Comercial, por importe de 1.285,77 euros.

48. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00052852Y.

Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J. J. M. como persoal funcionario da policía local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase escala básica, categoría policía, subgrupo C1, co carácter de funcionario de carreira, con efectos administrativos e económicos do día da toma de posesión.

Acórdase validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J. J. M. como persoal funcionario da policía local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase escala básica, categoría policía, subgrupo C1, co carácter de funcionario de carreira, con efectos administrativos e económicos do día da toma de posesión.

49. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036025L.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído por ANA NAYA GARCÍA, SL por importe de 49.623,82 €, para responder do contrato de “servizo de xestión das Escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños de Santiago de Compostela ”Expte: 2022/29262Z CON46/2021.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído por ANA NAYA GARCÍA, SL por importe de 49.623,82 € ((Avalista: Banco Sabadell) para responder do contrato de “servizo de xestión das Escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños de Santiago de Compostela”Expte: 2022/29262Z CON46/2021.

50. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: IOI S/2022/380.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/380 con dezaseis facturas emitidas por varias empresas, en concepto de servizos de mantemento de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre agosto e outubro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.239,35 €) que comeza pola factura número F/2022/4938 por importe de 85,91 euros, e remata pola número F/2022/5593 por importe de 611,34 euros, todas elas en concepto de servizos de mantemento de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre agosto e outubro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

51. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: IOI S/2022/394.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/394 con sete facturas emitidas por varias empresas, en concepto de sete servizos de mantemento de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre xuño e novembro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITOCENTOS DOCE EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMO (812,62 €) que comeza pola factura número F/2022/4732 por importe de 143,64 euros, e remata pola número F/2022/6111 por importe de 322,85 euros, todas elas en concepto de sete servizos de mantemento de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xuño e novembro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

52. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: IOI S/2022/404.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/404 con trinta facturas emitidas por varias empresas, en concepto de trinta servizos de mantemento de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre xullo e novembro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (2.680,10 €) que comeza pola

factura número F/2022/4841 por importe de 75,66 euros, e remata pola número F/2022/6406 por importe de 44,13 euros, todas elas en concepto de trinta servizos de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre xullo e novembro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

53. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: IOI S/2022/402a.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/402 emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizos cloud, conexións e voz correspondentes ao mes de novembro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL VINTE E SETE EUROS CON CUARENTA E OITO CÉNTIMOS (13.027,48 €) correspondentes á relación de facturas número S/2022/402, en concepto de servizos cloud, conexións e voz correspondentes ao mes de novembro do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

54. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038558H.

Aprobación do expediente de contratación do “Servizo para desenvolver actividades de comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela financiadas polo eixo 13 do Programa Operativo Plurirrexional de España do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.” cun orzamento base de licitación de 100.000,00 €.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do Servizo para desenvolver actividades de comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela financiadas polo eixo 13 do Programa Operativo Plurirrexional de España do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea cun orzamento base de licitación de **100.000,00 euros** (base impositiva de 82.644,63 euros e IVE do 21% por importe de 17.355,37 euros).

O gasto derivado contrato impútase á aplicación orzamentaria 030 92501 2260200 Proxecto de Gasto: 2021 3 EDUSI 4, sendo financiados nun 80% polo PO FEDER 2014-2020

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Decreto 500/90 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamento.

Segundo. Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.